



Teaching Guide

Identifying Data					2020/21
Subject (*)	Gerontological Nursing	Code	750G01020		
Study programme	Grao en Enfermaría				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Hybrid				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Garcia Martinez, Carmen Maria	E-mail	maria.garciam@udc.es		
Lecturers	Garcia Martinez, Carmen Maria	E-mail	maria.garciam@udc.es		
Web	moodle.udc.es				
General description	A Materia de Enfermaría Xerontolóxica ten como meta que o estudante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social do ancián, o que o capacitará para dar coidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional.				
Contingency plan	<p>1. Modifications to the contents</p> <p>2. Methodologies</p> <p>*Teaching methodologies that are maintained</p> <p>*Teaching methodologies that are modified</p> <p>3. Mechanisms for personalized attention to students</p> <p>4. Modifications in the evaluation</p> <p>*Evaluation observations:</p> <p>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A49	Comprender os cambios asociados ao proceso de envellecer e a súa repercusión na saúde.
A50	Identificar as modificacións estruturais, funcionais, psicolóxicas e de formas de vida asociadas ao proceso de envellecer.
A51	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes nas persoas maiores.
A52	Seleccionar as intervencións coidadoras dirixidas a tratar ou a previr os problemas de saúde e a súa adaptación á vida diaria mediante recursos de proximidade e apoio á persoa anciá.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B13	Toma de decisións.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Describir e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a súa evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.	A49	B1 B2 B8	C4 C12
Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para o ancián eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral do paciente ancián utilizando referentes teóricos e evidencias científicas	A49 A50 A51 A52	B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas.	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C10
Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC)	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C11
Describir e analizar os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores	A49 A52	B1 B2 B3 B9 B13	C4 C10 C11 C12
Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4 C10 C12

Contents	
Topic	Sub-topic
Unidade Didactical: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez	Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade



Unidade Didáctica II: Aspectos sociais, antropológicos e económicos do envelhecimento	Tema 4. Socioloxía da anciandade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores
Unidade Didáctica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envelhecimento.	Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual.
Unidade Didáctica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes	Tema 16. Características das enfermidades do ancián Tema 17. Terapéutica no ancián Tema 18. ACV Tema 19. Parkinson Tema 20. As Demencias
Unidade didáctica V: A atención sociosanitaria en España	Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student's personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A49 A50 A51 A52 A50 A51 A52 B1 C4	26	26	52
Case study	A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10	14	21	35
Supervised projects	A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Mixed objective/subjective test	A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10	2	28	30
Document analysis	A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B9 C4	2	5	7
Aprendizaxe servizo	A49 A50 A51 A52 A49 B1 B2 B13 C4 C10 C11 C12	1	10	11
Introductory activities	C4	2	0	2
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	<p>Exposición oral on line, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Case study	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Supervised projects	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Mixed objective/subjective test	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>
Document analysis	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>“O aprendizaxe servizo é unha proposta educativa, que mixtura procesos de aprendizaxe e de servizo a comunidade, nun único proxecto ben articulado, no que os participantes aprenden a vez que traballan nas necesidades reais do contorno, coa finalidade de melloralo”.</p> <p>Begoña Martínez, Isabel Martínez, Israel Alonso y Monike Gezuraga TENDENCIAS PEDAGÓGICAS Nº 21 2013 102</p>
Introductory activities	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



<p>Mixed objective/subjective test Supervised projects Case study Guest lecture / keynote speech Aprendizaxe servizo</p>	<p>A atención personalizada relacionada cos estudos de casos ten como finalidade orientar aos estudantes na realización dun análise pormenorizado da situación clínica dunha persona maior, que lle permita desenvolver un razoamento clínico e un pensamento crítico centrado en obxectivos, utilizando as taxonomías NANDA, NIC e NOC. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa proba mixta e a sesión maxistral ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Aprendizaxe servizo ten como finalidade orientar os estudantes na realización do Servizo. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams.</p>
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
<p>Mixed objective/subjective test</p>	<p>A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10</p>	<p>Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias. Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 60% da cualificación final.</p>	<p>60</p>
<p>Supervised projects</p>	<p>A50 A51 A52 A49 B1 B3 B8 B13 C4 C10 C11 C12</p>	<p>A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.</p>	<p>20</p>
<p>Case study</p>	<p>A50 A51 A52 A49 B2 B3 B8 B13 B1 B9 C11 C12 C10</p>	<p>A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias, suporá o 20% da cualificación final. A avaliación farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes aspectos: valoración, diagnósticos e planificación de resultados e intervencións de enfermaría. A asistencia a os grupos de traballo será obrigatoria.</p>	<p>20</p>

<p>Assessment comments</p>



Os criterios de avaliación da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro). As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo). Os estudantes con matrícula a tempo parcial e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas curtas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota. Os estudantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima. Matrícula de honra: será outorgada automaticamente aos estudantes que alcancen maior cualificación, sempre que sexa igualou superior a 9,0. No caso de que exista maior número de estudantes que matrículas de honra asignadas á materia, adxudicaranse ós estudantes con mellor nota media nos estudos de casos e traballos tutelados, no caso de coincidir as cualificacións dos estudos de casos e traballos tutelados adxudicaranse ós estudantes con mellor nota da proba mixta. Os estudantes que non presenten os estudos de casos e/ou traballo tutelado, obterán un no presentado, aínda que realicen a proba mixta. Non presentado: no acta de cualificacións figurará como non presentado (NP) aquel estudante que non se presente a proba mixta final. A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia. A entrega dos traballos tutelados, farase en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradores

Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

Sources of information

<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Nursing. Edición española (). . - Luis Rodrigo MT. (2013). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson; - García López MV, Rodríguez Ponce C, Toronjo Gómez AM (2008). Enfermería del anciano. 2ª ed. Madrid: DAE - Enfermería Clínica (). . - Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson; - Gerokomos (). . - Quintanilla Martínez M (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos Vol 1. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Quintanilla Martínez M. (2006). Cuidados integrales de Enfermería Gerontogeriatricos. Vol 2. 2da ed. amp y rev. Barcelona: Monsa Ediciones - Cobo Domingo JC (2008). Geriatría y Gerontología. Atención Integral al anciano. Logoss - Heather Herdman T; Kamitsuru S. (2019). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2018-2020. Barcelona: Elsevier España S. L - Revista Española de Geriatría y Gerontología (). . - González Martínez J.F, Pichardo Fuster A, García L (2009). Geriatría. 3ª ed.. Madrid: McGraw- Hill. Interamericana - García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden - Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatría. Valoración e intervención. Madrid: Médica Panamericana - Bermejo C, Rodríguez J (2017). Manual terapéutico en Geriatría. 2ª ed. Madrid: Editorial Médica Panamericana - editores, Howard K. Butcher, ...[et al.] (2019). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona : Elsevier, [2019] Edición 7ª ed - MOORHEAD S, JOHNSON M, MAAS ML, SWANSON E (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) : medición de resultados en salud. Madrid : Elsevier, [2014] Edición 5ª ed - D'Hyver, Gutierrez Robledo LM. (2014). Geriatría. 3ª edición. Mexico: Editorial El Manual Moderno - Rodríguez García R., Lazcano Botello G.A. (2011). Práctica de la Geriatría. 3ªed.. México: McGraw- Hill. Interamericana - García Hernández M, Martínez Sellarés R. (2012). Enfermería y envejecimiento. Barcelona: Elsevier Masson - American Journal of Nursing (). .
---------------------	---



Complementary

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Anatomy/750G01001
Psychology/750G01003
Fundamentos da Enfermaría/750G01007
Nutrition/750G01009
Pharmacology/750G01011
Professional Ethics, Legal Framework and Philosophy of Care/750G01016
Clinical Placement I/750G01025
Clinical Placement II/750G01026
Clinical Nursing I/750G01034
Clinical Nursing II/750G01035
Physiology/750G01105

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Clinical Nursing III/750G01017
Community Nursing II/750G01019
Clinical Placement III/750G01027

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influindo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.No caso do traballo tutelado a entrega, farase en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradoresNa realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.